

CONVENIO DE COLABORACIÓN DE ACTUACIÓN CONXUNTA ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN PROFESOR NOVOA SANTOS, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “SANIDADE SERVIZO DE MICROBIOLOXÍA 4.0, SAÚDE 4.0: MICROBIOLOXÍA”, COFINANCIADO NUN 80% POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) DENTRO DO PROGRAMA OPERATIVO PLURIRREXIONAL DE ESPAÑA (POPE) 2014-2020 NO MARCO DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ESTABLECIDO CO MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2021

REUNIDOS

Dunha parte D. Julio García Comesaña, en representación da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, nomeado polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e o seu Presidente, nos Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde respectivamente, e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra D. Luis Verde Remeseiro, na súa condición de Presidente do Padroado da Fundación Profesor Novoa Santos (FPNS), con CIF: G15335219 e sede no Hospital Materno Infantil Teresa Herrera, primeiro andar, lugar Xubias de Arriba, nº 84, 15006 A Coruña,

As partes, con plena capacidade para convir no nome e representación das entidades indicadas e de conformidade coas atribucións dos seus respectivos cargos

EXPOÑEN

I.- Que a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde incorporan como un dos elementos fundamentais da súa actividade a investigación e innovación biomédica.

II.- Que a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde establecen como unha das súas liñas estratéxicas a promoción da investigación, innovación e transferencia dos resultados xerados nos centros de investigación e innovación sanitaria, tales como hospitais, centros de

saúde e unidades de xestión e administración, co fin de potenciar un modelo de investigación orientado cara á innovación, que configure ao sector sanitario e actúe como motor de crecemento económico.

Así, o artigo 32 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, establece como un dos principios reitores do Sistema Público de Saúde de Galicia a promoción da investigación básica e clínica no eido das ciencias da saúde, cun carácter translacional á práctica clínica.

III.- O 28 de decembro de 2020, o Servizo Galego de Saúde estableceu co Ministerio de Ciencia e Innovación (MCIN) un convenio de colaboración para o desenvolvemento do proxecto “Sanidade Servizo de Microbioloxía 4.0, Saúde 4.0: Microbioloxía”, en adiante, “Innova MicroLab” por ser este o nome comercial do proxecto e logotipo do mesmo, cofinanciado con fondos FEDER a través do Programa Operativo Plurirrexional de España (POPE) 2014-2020.

IV.- Que a través da execución deste convenio o Servizo Galego de Saúde comprometeuse a realizar actuacións administrativas de fomento da innovación, potenciando novos mercados innovadores desde o lado da demanda, a través do emprego da Compra Pública Innovadora, como instrumento de política de innovación cuxo obxectivo final é dinamizar a innovación mediante a articulación e fortalecemento da demanda tecnolóxica a través da combinación de actuacións de fomento á I+D+i con actuacións de contratación pública de bens e/ou servizos.

V.- Que a FPNS é unha fundación de interese galego en conformidade coa Lei 12/2006, do 1 de decembro de fundacións de interese galego con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro que ten como obxectivo a realización de actividades de promoción, prestación e xestión de recursos e servizos de docencia e investigación científica.

VI.- Que, en particular, a FPNS ten a misión de impulsar a investigación, a docencia, o desenvolvemento científico e a innovación no ámbito territorial coincidente co ámbito das Áreas Sanitarias de A Coruña e Ferrol, así como de difundir e transferir os resultados obtidos á sociedade.

VII.- Que en particular, o proxecto Innova MicroLab pretende acadar os seguintes obxectivos xerais:

Desenvolver plataformas tecnolóxicas totalmente automatizadas que redundan de maneira clara e directa na saúde dos cidadáns abordando dous problemas de saúde de enorme calado: unha plataforma microbiolóxica de diagnóstico rápido (ultrarápido) capaz de diagnosticar calquera proceso infeccioso en poucas horas (mesma xornada de traballo) e con detección temprana de bacterias resistentes aos antibióticos; e outra plataforma de metaxenómica e culturómica acompañadas de ferramentas informáticas de última xeración e “Big Data”, que permita estudar e analizar cambios no microbioma humano (principalmente microbiota intestinal) asociados á xénese e prognóstico de enfermidades.

VIII.- Que en particular, o proxecto Innova MicroLab pretende acadar dous obxectivos específicos que son os seguintes:

1) Desenvolvemento dunha plataforma tecnolóxica altamente específica, rápida e totalmente automatizada que permita obter un diagnóstico microbiolóxico fiable de calquera patoloxía infecciosa -meninxite/meningoencefalite, pneumonía e bacteriemia/sepsis- a partir de

calquera mostra clínica biolóxica, así como dos mecanismos de resistencia a antimicrobianos do patóxeno identificado nunha única xornada laboral dende que se recibe a mostra.

2) Desenvolvemento dunha plataforma tecnolóxica, totalmente automatizada, baseada en metaxenómica e culturómica, que permita identificar cambios no microbioma humano asociados a enfermidades a partir de mostras clínicas e a súa correlación con outras variables clínicas (big data) para establecer relacións inequívocas entre o cambio no microbioma e o cadro clínico que se vai a estudar.

En definitiva, preténdese desenvolver plataformas tecnolóxicas totalmente automatizadas que redundan de maneira clara e directa na saúde dos cidadáns: unha plataforma microbiolóxica de diagnóstico rápido (ultrarápido) con detección temprana de bacterias resistentes aos antibióticos; e outra plataforma de metaxenómica e culturómica acompañadas de ferramentas informáticas de última xeración e “Big Data”.

IX.- Que Innova MicroLab é un proxecto de Innovación Sanitaria cunha inversión de cinco millóns setecentos mil euros (5.700.000 €) que se executará ata o 11 de xaneiro de 2024, cofinanciado nun 80% por fondos FEDER, e se enmarca no Eixo prioritario 01, dentro da Prioridade de inversión 1b: “O fomento da inversión empresarial en I+i, o desenvolvemento de vínculos e sinerxías entre as empresas, os centros de investigación e desenvolvemento e o sector da ensinanza superior, en particular mediante o fomento da inversión no desenvolvemento” e no Obxectivo específico: OE.1.2.1. Impulso e promoción de actividades de I+i lideradas polas empresas, apoio á creación e consolidación de empresas innovadoras e apoio á compra pública de innovación.

X.- Que para realizar con éxito os traballos de I+D+i previstos neste proxecto é necesario canalizalos a través da FPNS por ser ela a encargada da xestión da I+D+i na área sanitaria onde se desenvolve o proxecto, actuando así mesmo a Fundación como interlocutora e xestora dos proxectos de I+D+i.

XI.- Que o artigo 34 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, prevé que os axentes públicos de financiamento e execución do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e innovación, organismos públicos de investigación e as universidades, poidan subscribir convenios suxeitos ao dereito administrativo. Estes convenios poderán celebrarse entre si ou con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, nacionais, supranacionais ou estranxeiros, para a realización conxunta de proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación; creación ou financiamento de centros, institutos, consorcios ou unidades de investigación, e infraestruturas científicas; financiamento de proxectos científico-técnicos singulares; formación de persoal científico e técnico; divulgación científica e tecnolóxica; ou uso compartido de inmoables, de instalacións e de medios materiais para o desenvolvemento de actividades de investigación científica, desenvolvemento e innovación.

Nestes convenios incluíranse as achegas realizadas polos intervenientes, así como o réxime de distribución e protección dos dereitos e resultados da investigación, o desenvolvemento e a innovación. A transmisión dos dereitos sobre estes resultados realizarase cunha contraprestación que corresponda ao seu valor de mercado.

XII.- Que, de conformidade co anterior, as partes asinantes están interesadas en establecer mediante o presente Convenio os criterios e condicións para a xestión e o desenvolvemento

do proxecto Innova MicroLab que se efectuará no marco habitual de xestión das actividades de investigación que realizan os centros de investigación e innovación sanitaria interesantes para o Sistema Público de Saúde de Galicia e da área da FPNS, de conformidade cos mecanismos e instrumentos establecidos na normativa aplicable.

Por todo iso, as partes comparecentes acordan subscribir o presente Convenio de colaboración de actuación conxunta de conformidade cos termos e condicións establecidas nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBJECTO

O presente Convenio ten por obxecto a regulación das relacións de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Profesor Novoa Santos (FPNS), no desenvolvemento do proxecto Innova MicroLab, mediante as actividades descritas na cláusula seguinte. As actividades realizaranse nos centros de investigación e innovación sanitaria vinculados ao Sistema Público de Saúde de Galicia e que son xestionadas pola FPNS.

Ditas actividades terán como obxectivo a realización dos seguintes proxectos/retos:

- Desenvolvemento dunha **plataforma tecnolóxica** altamente específica, rápida, e totalmente automatizada que permita obter un **diagnóstico microbiolóxico fiable de meninxite/meningoencefalitis, pneumonía e bacteriemia/sepses a partir de calquera mostra clínica biolóxica**, así como dos **mecanismos de resistencia a antimicrobianos** do patóxeno identificado **nunha única xornada laboral**.
- Desenvolvemento dunha **plataforma automatizada** que combine técnicas de **cultivo en condicións non convencionais, secuenciación do microbioma humano con análise avanzada** (Intelixencia Artificial) para a súa vinculación á **resposta de pacientes oncolóxicos á inmunoterapia**; de maneira que se mellore a **personalización dos tratamentos** e o desenvolvemento de novas terapias innovadoras.

SEGUNDA.- ACTIVIDADES E COMPROMISOS ADQUIRIDOS POLAS PARTES

As actividades a realizar pola FPNS nos proxectos identificados no presente convenio son as seguintes:

- Posta a disposición de infraestruturas de I+D+i, materias e recursos humanos con cualificación na xestión de proxectos de I+D+i no ámbito hospitalario, con fin de facilitar o correcto desenvolvemento científico-tecnolóxico dos proxectos por parte das empresas executoras na etapa clínica.
- Coordinación das actividades de I+D+i a realizar polas empresas executoras dos retos de Compra Pública Precomercial (CPP) recollidos no Convenio asinado entre o MCIN e o Servizo Galego de Saúde no ámbito sanitario da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, área de influencia da FPNS.

- Seguimento das actividades e documentos que deben realizar a empresa adxudicataria do contrato para que se poda prestar o servizo.
- Apoio ao equipo responsable do seguimento dos contratos que se recolla nos pregos das licitacións de CPP en aspectos técnicos relacionados coa execución das fases de investigación da prestación do servizo.
- Encargarse da xestión das mostras facilitadas polo Servizo Galego de Saúde, procedentes dos diferentes servizos, ou de diferentes biobancos autorizados da Comunidade Autónoma de Galicia que cumpran os criterios de inclusión.
- Asunción de posibles gastos derivados da execución dunha etapa de validación clínica en caso de que así o precisen as solucións ofertadas na compra pública precomercial.
- Colaborar coa empresas adxudicatarias das CPP para a obtención das autorizacións, certificacións e encargarse de que se respecten todos os requirimentos que normativamente correspondan a unha validación destas características. Neste sentido, debería coordinar e facilitar a labor de autorización dos plans polo Comité autonómico de ética da investigación con medicamentos de Galicia (CEIm-G).

Ademais das actividades descritas anteriormente citadas, a FPNS comprométese a:

- Facerse cargo da xestión destinada á execución das actividades vinculadas aos grupos de investigación formados por persoal da FPNS incluídos no presente Convenio e conforme ás cláusulas do mesmo.
- Apoiar ao Servizo Galego de Saúde na preparación da información técnica necesaria para a redacción dos pregos de contratación que vai emitir o Servizo Galego de Saúde para a execución das actividades vinculadas a empresas e organizacións externas neste convenio.
- Facerse cargo do seguimento, xustificación, avaliación e control das actividades vinculadas á execución do presente Convenio.
- Pór a disposición dos profesionais dos grupos de investigación da FPNS os equipos e servizos de apoio á investigación da súa titularidade para o desenvolvemento do proxecto deste Convenio.
- Facilitar a actividade dos profesionais da FPNS que traballan no proxecto incluído neste Convenio.

Por outra banda o Servizo Galego de Saúde asume os seguintes compromisos:

- Facerse cargo do orzamento preciso para a execución das actividades vinculadas ao presente Convenio conforme ás cláusulas do mesmo e dentro dos criterios de elixibilidade dos gastos establecidos no Convenio entre o MCIN e o Servizo Galego de Saúde.
- Verificar que os gastos xustificadas pola FPNS no marco do presente Convenio cumpren os requisitos de elixibilidade conforme ao disposto na Orde HFP/1979/2016, do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos Programas Operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020 ou norma que a substitúa, e sen prexuízo do establecido no convenio de colaboración asinado entre o Ministerio de Ciencia e Innovación e o Servizo Galego de Saúde para a execución do proxecto Innova MicroLab.
- Apoio no seguimento dos avances de execución do presente convenio e da súa vinculación cos indicadores de resultado de actividade previstos nos Anexos I e XI do convenio do proxecto Innova MicroLab.
- Pór a disposición dos profesionais vinculados aos proxectos espazos e equipos da súa titularidade para o seu desenvolvemento.
- Asumir a preparación necesaria para a contratación das actividades vinculadas a empresas e organizacións externas neste convenio.
- Participar na execución e coordinación dos proxectos a través de profesionais sanitarios cualificados asociados ás diferentes liñas de traballo do proxecto obxecto deste convenio.
- Facilitar a actividade dos profesionais responsables vinculados a este proxecto.
- Facerse cargo da comunicación e a publicidade asociadas ao presente proxecto.

O desenvolvemento destas actividades contribuirá ao desenvolvemento dos proxectos, en mutuo beneficio das partes asinantes:

- Por unha parte o Servizo Galego de Saúde beneficiarase do desenvolvemento tecnolóxico esperado e recollido nos obxectivos acordados co Ministerio de Ciencia e Innovación e do cumprimento vinculante dos indicadores de resultados previstos no Anexo VII do convenio do proxecto InnovaMicroLab.
- Por outra banda a FPNS participará no desenvolvemento tecnolóxico de proxectos innovadores a través de Compra Publica de Innovación (CPI), instrumento cada vez máis relevante no panorama nacional e internacional con gran impacto á hora de promover a innovación a través do lanzamento de retos sanitarios que contribúen ao incremento da competitividade do sector saúde.

Esta capacitación permitiralle á FPNS obter unha mellora competitiva aliñada coa estratexia de investigación e innovación rexional, nacional e europea e trasladar a outros proxectos propios o coñecemento adquirido, aumentando deste xeito as súas posibilidades de captación de recursos en convocatorias competitivas de programas nacionais e internacionais.

Terceira .- COMPENSACIÓN ECONÓMICA E XUSTIFICACIÓN DE GASTOS REALIZADOS

Os aboamentos a realizar por parte do Servizo Galego de Saúde terán carácter de compensación de custo, sen que en ningún caso exista ánimo de lucro. Para a realización do obxecto do presente convenio e das actividades que o integran, o Servizo Galego de Saúde alcanzará un máximo de catrocentos once mil novecentos vinte catro euros (411.924 €), con cargo á aplicación orzamentaria 1501/412A/640.1, código de proxecto contable 2021 00014 S, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, distribuídos na seguintes anualidades:

- Exercicio 2021: 237.037 €
- Exercicio 2022: 174.887 €

Os aboamentos realizaranse fraccionados en conformidade coas porcentaxes e o calendario previstos na táboa que segue este parágrafo e contra a presentación por parte da FPNS da correspondente nota de cargo ou documento de valor probatorio equivalente polos servizos prestados ao Servizo Galego de Saúde, así como das pertinentes memorias científicas e dos documentos xustificativos dos gastos e pagamentos realizados, tal e como se detallan na presente cláusula.

A Comisión de seguimento considerada na Cláusula Sétima do presente Convenio poderá acordar a modificación dos períodos sinalados por mutuo acordo, a instrumentarse a través da correspondente *addenda*.

FITOS DE EXECUCIÓN	PERÍODO DE EXECUCIÓN	CONCEPTO	FITO DE PAGAMENTO
Primeiro	30 días da sinatura do convenio	Presentación do plan de traballo e primeiros gastos	Máximo 30 %
Segundo	31/12/2021	Desenvolvemento dos proxectos. Presentación de memoria técnica de actividades realizadas no período	Máximo 40%
Terceiro	31/12/2022	Xustificación final dos proxectos Presentación de memoria técnica final de actividades realizadas no período	Máximo 30%

Tralo período de execución de cada un dos fitos sinalados na táboa anterior, a FPNS presentará no prazo de 5 días hábiles, ademais da correspondente nota de cargo do fito executado, unha

memoria científica detallada das actividades desenvolvidas, comprensiva á súa vez da desagregación dos pagamentos e gastos realizados de forma directa pola Fundación no período correspondente en execución das actividades obxecto do presente convenio, xunto cos documentos xustificativos pertinentes. Estes documentos xustificativos consistirán en documentación orixinal ou copias compulsadas das facturas ou documentos que teñan valor probatorio equivalente, e xustificantes dos pagamento e gastos realizados pola FPNS no período de execución correspondente soportados mediante certificado bancario individualizado ou documento que teñan valor probatorio equivalente.

Os gastos xustificados debe estar indubidablemente vinculados ao desenvolvemento dos proxectos obxecto do presente convenio, e deben cumprir os requisitos de elixibilidade establecidos na Orde HFP/1979/2016, do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos Programas Operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020 ou norma que a substitúa; sen prexuízo do establecido no convenio de colaboración asinado entre o Ministerio de Ciencia e Innovación e o Servizo Galego de Saúde para a execución do proxecto InnovaMicroLab.

No caso de xustificarse gastos de persoal. presentase a seguinte táboa resumo do persoal participante no proxecto:

Nome, apelidos	Proxecto	Inicio-fin período (dd/mm/aa)	Custo hora [(retribución bruta + cota patronal)/horas convenio] *	Nº horas	Custo total imputado	Actividades realizadas

* Para o cálculo do custo hora, para unha persoa que teña dedicación anual tomaranse de base as horas anuais de convenio, e se o período é inferior a un ano aplicaranse as horas de convenio de forma proporcional ao período imputado.

Esta información deberá acompañarse do soporte documental individualizado que acredite os gastos incorridos e pagamentos realizados en persoal:

- Partes de dedicación de horas asinados pola persoa con dedicación nos proxectos e visto bo do presidente da FPNS (o modelo a cumprimentar será facilitado polo Servizo Galego de Saúde).
- Xustificantes de nóminas.
- Xustificantes de seguridade social (TC'S).
- Xustificantes de pagamento individualizado de nóminas e seguridade social.

Para o resto de gastos xustificados, a FPNS deberá presentar unha táboa resumo dos gastos incorridos para o desenvolvemento dos proxectos:

Concepto	Nº	Provedor	NIF	Data	Base	IVE	Total	Data
----------	----	----------	-----	------	------	-----	-------	------

	Factura			Factura	Imposible			pagamento

Esta información deberá acompañarse do soporte documental individualizado que acredite os gastos incorridos e pagamentos realizados.

A Comisión de seguimento prevista na Cláusula Sétima do presente Convenio determinará e validará a realización do pagamento en sesión ordinaria logo da recepción da documentación requirida.

No concepto das facturas ou documentos xustificativos de pagamento presentadas no marco do presente convenio engadirase expresamente a seguinte mención en cumprimento dos requisitos de información e publicidade de Fondos FEDER: *“no marco do proxecto Sanidade Servizo de Microbioloxía 4.0, Saúde 4.0: InnovaMicroLab , executado no marco dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Ciencia e Innovación e o Servizo Galego de Saúde cofinanciado nun 80% por Fondos FEDER dentro do Programa Operativo Plurirrexional de España (POPE) 2014-2020”*.

A FPNS presta expresamente o seu consentimento para que se lle de ao presente convenio a publicidade prevista no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que establecen os apartados 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública galega, na forma establecida no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, regulado no Decreto 126/2006, do 20 de xullo.

CUARTA.- PERSOAL

A subscrición do presente Convenio non suporá relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades que asume a FPNS que constitúan o obxecto do mesmo e o Servizo Galego de Saúde ou a Consellería de Sanidade, de tal xeito que non se lles pode esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento das mesmas.

QUINTA.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes acordan que toda a información e datos que unha parte entregue ou facilite á outra, de forma oral, escrita, gráfica e/ou electrónica para o desenvolvemento dos traballos obxecto deste Convenio, será confidencial e secreta, e non se divulgará a ningún terceiro sen o consentimento da outra parte.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e na demais normativa aplicable sobre a materia, o investigador que por razón da súa actividade teña

acceso a datos de carácter persoal, non revelará, a persoa allea ás partes, información da que tivese coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida pola acción investigadora, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte ás entidades, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideren derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Tras a finalización ou resolución deste Convenio calquera das institucións asinantes poderá reclamar por escrito á/s outra/s a rápida devolución ou destrución de calquera información confidencial ou material entregados con anterioridade sen que poidan quedar copias da mesma, xa estean en forma escrita ou en calquera outra forma tanxible, agás unha copia escrita daquela información que a institución receptora deba manter atendendo ao cumprimento de aspectos legais e unicamente a efectos de rexistro.

SEXTA.- PROPIEDAD DOS RESULTADOS

Cada parte manterá a titularidade dos coñecementos ou dereitos que lle pertencían con anterioridade á execución dos Proxectos ou que fosen desenvolvidas no mesmo tempo pero en actividades independentes deste.

As partes obrigaranse no prazo de tres meses desde a sinatura do Convenio a incorporar nun Anexo un “Listado de resultados e propiedade”, perfectamente identificado e descrito, onde se recolla o coñecemento innovador preexistente nese momento que achegan, garantindo a plena disposición sobre este, xa sexa a titularidade ou licenzas de uso.

Igualmente preverán o réxime interno de uso desta información para o desenvolvemento do proxecto. Así como identificaranse o conxunto de tarefas que, aínda que relacionadas, están fóra do alcance deste proxecto e que sexan susceptibles de achegar un coñecemento futuro, ao obxecto de quedar ou non incluídas nos coñecementos de cada parte.

Cada parte será titular dos resultados que xere. Ambas as dúas partes serán cotitulares dos resultados especificamente identificados como “conxuntos” (que irán identificando a medida que se desenvolvan os proxectos) por ser consecuencia de achegas da mesma orde de relevancia e procedentes de ambas as dúas partes. Para estes resultados en réxime de cotitularidade, ambas as dúas partes poderán chegar a acordos en canto á súa protección e distribución de dereitos. En caso de falta de acordo, cada unha das partes poderá solicitar a protección conxunta e ambas as dúas poderán exercer de forma independente os dereitos derivados da cotitularidade, agás a concesión de licenzas exclusivas, sen compensación económica cara á outra.

Antes da finalización do presente Convenio as partes deberán elevar á Comisión de Seguimento o Anexo “Listado de resultados e propiedade” para a súa aprobación.

As partes acordan outorgar á outra parte un dereito de acceso aos seus coñecementos previos e dos coñecementos xerados polo proxecto na medida que a outra parte os necesite para a execución da súa propia actividade neste. Ese dereito de acceso ou licenza, outorgarase de forma gratuíta e só na medida necesaria para a execución do proxecto. Poderanse concertar acordos especiais de confidencialidade se así o cren preciso.

As partes poderán unilateralmente excluír certos coñecementos previos e coetáneos dos dereitos de acceso gratuíto antes mencionados, mediante a súa comunicación con carácter previo á outra parte no proxecto.

Ambas as dúas partes, actuando segundo os principios de boa fe, acordan concederse, sen custo ningún, licenza para o uso dos resultados do proxecto en posteriores actividades de investigación e desenvolvemento.

As partes resérvanse o dereito de subscribir un Convenio posterior para a comercialización dos resultados obtidos no proxecto.

Calquera das partes poderá publicar ou permitir que se publiquen datos en calquera soporte sobre os resultados dos que sexan propietarios, sempre e cando iso non afecte á protección dos devanditos resultados. Toda publicación ou difusión fará mención ao proxecto, así como a colaboración neste de ambas as dúas partes.

Calquera publicación prevista deberá notificarse á outra parte con 30 días de antelación. A parte que desexe opoñerse á publicación, por considerar que a protección dos seus resultados podería verse prexudicada, deberá facelo dentro dun prazo de 30 días a partir da recepción dos datos que estea previsto publicar. A publicación prevista quedará en suspenso ata o final deste período de consulta.

Cando non se acheguen obxeccións dentro do período amentado, considerarase que non hai oposición á publicación. An caso de oposición á publicación, a parte afectada buscará a forma de permitir a publicación de información mediante, por exemplo, as modificacións precisas para non poñer en perigo os lexítimos intereses da parte que se opón. Esta licenza de uso limitarase aos contidos necesarios para a nova actividade investigadora e será intransmisible a terceiros. Ambas as dúas partes deberán alcanzar un acordo en canto as condicións particulares nas que se realice este outorgamento de licenza.

A Administración resérvase a facultade de emprego das técnicas e Know-How cedidas á FPNS no presente convenio no mesmo ou diferente ámbito dos regulados neste convenio.

Calquera desenvolvemento que implique melloras nos resultados derivados directamente do proxecto que realice a FPNS, estarán a disposición da Administración para o seu uso, sen custo de licenza ningún.

Neste sentido, quedarán ao abeiro deste convenio de colaboración todas as melloras e evolución dos resultados que se xeren, ben con ocasión de desenvolvementos específicos para proxectos concretos, ben como necesidades derivadas da evolución dos resultados e a súa integración, producidas en calquera momento durante a vixencia do convenio, quedando suxeitas ás condicións económicas e de protección de propiedade intelectual e industrial previstas nel.

Todos os dereitos derivados da execución deste convenio de colaboración serán de titularidade e uso común das partes que interveñen na formalización do presente convenio, sen que ningunha delas asuma a súa explotación ou uso exclusivo.

SÉTIMA.- SEGUIMIENTO E COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES.

Constituirase unha Comisión paritaria de seguimento, composta por un/unha representante do Servizo Galego de Saúde, un/unha representante da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde ACIS, e dous representantes da FPNS. A Presidencia recaerá no representante do Servizo Galego de Saúde quen a súa vez terá o voto de calidade de desempate no seu caso.

A Comisión de seguimento terá as seguintes funcións:

- a O seguimento do desenvolvemento e aplicación do presente Convenio e das actividades realizadas, así como a adopción de decisións sobre os mesmos.
- b A coordinación das accións de apoio á protección, valorización e transferencia, e o desenvolvemento dos medios adecuados para a súa implementación, de ser preciso.
- c A resolución daquelas dúbidas que puideren xurdir no cumprimento, execución ou interpretación deste Convenio.
- d A determinación e validación da realización dos correspondentes pagamentos.
- e A determinación e aprobación da distribución dos resultados da investigación, o desenvolvemento e a innovación.
- f A proposta de modificación das cláusulas contidas no presente Convenio.

Esta Comisión reunirse en sesión ordinaria logo da sinatura do Convenio para determinar e validar a temporalidade dos traballos e a presentación das correspondentes memorias e pagamentos segundo o establecido na cláusula terceira. Posteriormente reunirse cunha periodicidade mínima trimestral, ou en sesión extraordinaria sempre que o requira o asunto a tratar, a solicitude de calquera das partes asinantes.

OITAVA.- RÉXIME XURÍDICO E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS.

O presente Convenio ten natureza administrativa, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas, e no seu defecto polo previsto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 6.2.) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o presente Convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideren presentarse.

As controversias sobre a interpretación e execución do presente Convenio resolveranse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de seguimento. As cuestións litixiosas que poidan xurdir respecto da interpretación e o cumprimento do presente Convenio serán de coñecemento e competencia da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

NOVENA.- PUBLICIDADE

A FPNS presta expresamente o seu consentimento para que se lle dea ao presente Convenio a publicidade que establece o artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na forma establecida no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, regulado no Decreto 126/2006, do 20 de xullo.

O presente Convenio está suxeito ao estrito cumprimento da normativa nacional e europea, especialmente no que se refire á contratación, publicidade e comunicación.

A FPNS estará obrigada a cumprir as obrigacións de información e publicidade establecidas no anexo XII, sección 2.2. do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, e, especialmente, as seguintes:

a) Nos documentos de traballo, así como informes e en calquera tipo de soporte que se empregue nas actuacións necesarias para o obxecto do convenio, aparecerá de forma visible e destacada o emblema da UE, facendo referencia expresa á Unión Europea e ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

b) En toda difusión pública ou referencia ás actuacións previstas no convenio, calquera que sexa o medio elixido (folletos, carteis, etc.), deberanse incluír de modo destacado os seguintes elementos: emblema da Unión Europea de conformidade coas normas gráficas establecidas, así como a referencia á Unión Europea e ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), incluíndo o lema “Unha maneira de facer Europa”.

A sinatura deste Convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

DÉCIMA.- VIXENCIA E RESOLUCIÓN .

O presente Convenio producirá efectos a partir da data da súa sinatura por todo o tempo necesario para o desenvolvemento das accións relacionadas co obxecto do mesmo, finalizando en todo caso o 30 de xuño de 2023.

Serán causas de resolución do presente Convenio as seguintes:

- Denuncia de calquera das partes, que se instrumentará por escrito cun aviso previo mínimo de tres meses.
- Imposibilidade sobrevida, legal ou material, de desenvolver as actividades que constitúen o seu obxecto.
- Incumprimento total ou parcial das cláusulas e obrigas derivadas do presente Convenio.
- Reestruturacións funcionais en calquera das institucións asinantes que fagan inviable o seu cumprimento.
- Desaparición das causas que motivaron a subscripción do Convenio.

- Mutuo acordo das partes.

Nos casos de resolución do Convenio, a Comisión de seguimento deberá determinar a forma de terminar as actuacións en curso afectadas.

E en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan o presente documento, por duplicado exemplar e a un só efecto, no día e lugar consignados no seu encabezamento.

Polo Servizo Galego de Saúde

Pola Fundación Profesor Novoa Santos

Don Julio García Comesaña

Don Luis Verde Remeseiro